

ILUSIOÓH!N

ESCENA

ILUSIOÓH!N OUTONO 2021. ÁGORA

No ciclo ILUSIOÓH!N OUTONO 2021 reúnense cinco espectáculos multidisciplinares onde as artes do circo, a danza acrobática, as artes escénicas e a música en directo fúsiónanse para ofrecer novas propostas frescas e innovadoras cargadas de forza e sensibilidade, pensados para público adulto, do que poden gozar tamén os/as pequenos/as da casa.

No 2021 animámonos a retomar con ilusión (nunca tan acaído) este proxecto, que funcionou ininterrompidamente durante 4 anos (de outubro do 2014 a xuño de 2018), poñendo á súa disposición todos os nosos medios materiais e capacidades persoais para continuar con esta iniciativa que tenta chegar de modo directo aos públicos obxectivos e aos públicos potenciais.

Ademais, o ciclo ILUSIOÓH!N OUTONO 2021 centrará os seus esforzos na creación de novos públicos, realizando, despois dalgunha das funcións, un encontro da compañía co público que así o desexe, co fin de analizar o espectáculo desde a creación e a escenificación, a traxectoria da compañía ou de calquera aspecto que xurda; de xeito que o paso de todos estes artistas polo Ágora non quede na simple representación dos seus espectáculos.

Co apoio da Rede Galega de Teatros e Auditorios e a integración no proxecto "Circo a escena", promovido pola Rede Española de Teatros e Auditorios, é unha gran oportunidade para consolidar e ampliar a nosa grella programática de artes escénicas do IMCE, equilibrada en canto a disciplinas, e de retomar a programación estable de circo no Ágora a través do ciclo ILUSIOÓH!N.

ILUSIOÓH!N OUTONO 2021

LUGAR E HORARIO

Centro Ágora, ás 20.00h.

ENTRADA

9,00€ (persoas desempregadas, carné xove e + 65 anos: 7,00€) e abono 3: 21,00€.

VENDA DE BILLETES

- **Web:** www.ataquilla.com
- **Despacho de billetes da Praza de Ourense:** de luns a xoves de 10.00h. a 14.00h. e de 15.00h. a 18.00h. e venres de 10.00h. a 15.00h. (agás festivos).
- **Despacho de billetes do Ágora:** desde unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles).

PAGAMENTOS

No despacho de billetes da praza de Ourense, do Ágora e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.

CULTURA SEGURA

IMPLANTADAS TODAS AS MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS CONTRA A COVID-19. CAPACIDADES REDUCIDAS. USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA.



COLABORAN



MÁIS INFORMACIÓN www.coruna.gal/cultura   



ILUSIOÓH!N

OUTONO 2021



D.L.: 1460-2021

SÁBADO 23 DE OUTUBRO / 20.00H.



DROP

PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS
EN COPRODUCCIÓN COA AGADIC.

Catro malabaristas e un pianista convidannos a vivir no mundo dos soños, no que ollamos patróns, coreografías de obxectos, debuxos no ar que non son outra cousa que os problemas e as tarefas do día a día de calquera de nós. E, durante unha hora, se non cae o mundo, farannos saír do chan e voltar caer para lembrarnos que, isto da vida, non é máis que un xogo.

Onde residen os obxectos?

Os obxectos, cando están quedos, apoiados no chan, sobre as súas bases, poden ser útiles, belos, oportunos, chamativos ou discretos... mais, non están vivos.

O lugar no que os obxectos brillan e inflaman coa vida, onde realmente arden de vida, é no ar. É por isto que volvémonos tolos cos globos, coas pompas de xabón, os drons, os cometas e as estrelas.

DROP é un espectáculo de malabares, pero tamén, e sobre todo, é un espectáculo de malabaristas. Persoas que desenvolven unha calidade especial para manter obxectos flotando no ar. Un xogo de nenos convertido nun xeito de vida. Pero fóra diso e ao igual que o resto das persoas, os nenos e nenas medran e conviven coa súa contorna, cos seus retos, os seus problemas, os seus atributos e carencias, e tratan de manter todo no ar para sobrevivir nun lugar no que todo remata por caer.

Por iso *DROP* xoga, constantemente e máis que nunca, coa metáfora que compara os malabares coa vida. E lembranos que, dalgún xeito, todas e todos somos grandes malabaristas.

IDEA ORIXINAL E DIRECCIÓN: Pablo Reboleiro.
INTÉRPRETES: Aitor Garuz, Santiago Montero, Guillermo Porta, Pablo Reboleiro e Nacho Muñoz.
AXUDANTE DE DRAMATURXIA E TRABALLO DE ESCENA: Diego Anido.
COMPOSICIÓN MUSICAL: Nacho Muñoz.
VESTIARIO: Uxia Vaello.
ILUMINACIÓN: Octavio Mas.
ESCENOGRAFÍA: Pistacatro.
UTILERÍA: Jose Perozo.
COREOGRAFÍAS DE MALABARES: Pablo Reboleiro.

DURACIÓN: 65 minutos.



SÁBADO 06 DE NOVEMBRO / 20.00H.



LOS VIAJES DE BOWA LA GATA JAPONESA.

Bowa, nómade, orfa de raíces e de soños, vese guiada por unha obsesión: descubrir que hai tras as mensaxes encerradas en botellas guindadas ao mar. Un novo lugar no que soterrar as súas raíces e botarse a voar. Maxia, equilibrios, acrobacia aérea, humor e poesía serán os compañeiros de Bowa na súa viaxe.

Bowa atopou un día unha botella á beira do mar. No seu interior achou unha mensaxe e algo impulsou unha procura ata o seu destinatario. O camiño foi tan rico que se converteu case nunha obsesión. Horas de agarda e quilómetros de procura para facer chegar ao seu destino centos de mensaxes que navegaron encerrados no cristal brillante dalgunha botella. Unha mensaxe tróuxolle xusto a este lugar, no que espera atoparse con alguén que lanzou unha mensaxe ao mar esperando que chegase de volta. Esa persoa non aparecerá, mais este lugar ten algo especial, algo familiar, algo tan estraño para ela como a calor dun fogar. E lerá unha nova mensaxe. Este escrito polo mar, ese vello sabio, testemuña das súas fazañas e consciente das súas ausencias. É o mar o que guiou os seus pasos ata alí, é nese lugar onde as ás de Bowa atoparán terra para ancorar as súas raíces.

Elena Vives recibe o PREMIO FETÉN 2021 Á MELLOR INTÉRPRETE CIRCENSE co espectáculo Creature de Lapso.

DIRECCIÓN: Lucas Escobedo.
AUTORA E INTÉRPRETE: Elena Vives Espejo - Saavedra.
MÚSICA ORIXINAL: Proyecto Voltaire.
DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Carlos Cremades Mendi.
ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO: La Gatera.

DURACIÓN: 50 minutos.



SÁBADO 20 DE NOVEMBRO / 20.00H.



ESENCIAL VAIVÉN CIRCO.

Esencial é un espectáculo que fala de transicións. Cinco personaxes que xogan, que soñan, unha viaxe de aventuras que nos levará a lugares recónditos nos que a decisión vital será tomar o camiño máis sinxelo.

Este novo espectáculo de Vaivén Circo preséntase cunha posta en escena inspirada no "Arco iris de Waldorf", un xoguete composto por alicerces e arcos que propician unha espectacular escenografía.



SÁBADO 04 DE DECEMBRO / 20.00H.



DÉJÀ VU MANOLO ALCÁNTARA.

Déjà Vu fálanos da distancia entre unha persoa e os seus soños, do que é e o que lle gustaría ser. Soños moi ambiciosos que espertan os seus aires de grandeza, mais á vez imposibles, levándoo ao abatemento. Especialmente suxestivo, arriscado e fascinante...

Destilando por momentos un humor fino, un espectáculo visual, sen texto, onde as fronteiras esvaécense entre a realidade e a fantasía a partir dunha historia cun punto de melancolía. Como se Bartleby o escribente ficara inmerso de súpeto no mundo fabuloso de Alicia no país das marabillas...

Unha realidade confusa nun espazo e momento indeterminado, cun espazo escénico que xoga coa desproporción extrema das medidas. Con universo sonoro a través da voz e o violín.

PREMIO FETÉN 2021 Á ADAPTACIÓN DE TÉCNICAS CIRCENSES Á NOVA DRAMATURXIA.

Encontro co público ao remate da actuación.

DIRECCIÓN: Manolo Alcántara.
AUTORÍA: Manolo Alcántara.
INTÉRPRETES: Manolo Alcántara, Andreu Sans, Silvia Compte y Laia Rius, Joan Trilla.

DURACIÓN: 60 minutos.



SÁBADO 18 DE DECEMBRO / 20.00H.

EL GRAN FINAL BUCRAÁ CIRCUS.

El gran final é unha traxicomedia que basea a súa esencia no reencontro de dous pallasos que tiveron que separarse hai moitos anos como consecuencia do estalido dunha guerra civil, que lles interrompe a última función xusto antes do seu gran acto final. O conflito obrigaos a tomar camiños separados e non ter nunca máis contacto. Agora, despois de máis de 30 anos, infinitos pasos, unha loita diaria e constante pola supervivencia, e un corpo envellecido, ao reencontrarse deciden rematar o seu "Gran Final".

Unha homenaxe a un dos oficios máis bonitos e xenerosos do

mundo; ser pallaso. Sentir, para crear un diálogo co espectador desde as emocións, onde sobran as palabras.

DIRECCIÓN: Pau Palaus y Fernando Villella.
MIRADA EXTERNA: Dudu Arnalot.
AUTORÍA: Bucraá Circus.
INTÉRPRETES: Pau Palaus y Fernando Villella.

DURACIÓN: 60 minutos.

